B3.5. Montaxe de circuitos sinxelos.	- Prácticas de taller	2ª avaliación
B3.6. Electrónica dixital. B3.7. Aplicación da álgebra de Boole a problemas tecnolóxicos básicos.	- Realización de prácticas e exercicios	2ª avaliación
B3.8. Portas lóxicas.	-Realización de exercicios e prácticas	2ª avaliación
Bloque 4. Control e robótica		
B4.1. Sistemas automáticos; compoñentes característicos de dispositivos de control.	- Actividades na aula e prácticas	3ª avaliación
B4.2. Deseño e construción de robots.	- Realización de prácticas	3ª avaliación
B4.3. Graos de liberdade. B4.4. Características técnicas.	- Realización de prácticas	3ª avaliación
B4.5. O computador como elemento de programación e control. B4.6. Linguaxes básicas de programación.	- Realización de programas para el control de robots con distintos linguaxes de programación	3ª avaliación
B4.7. Aplicación de tarxetas controladoras na experimentación con prototipos deseñados.	_ Realización de prácticas	3ª avaliación
Bloque 5. Neumática e hidráulica		
B5.1. Análise de sistemas hidráulicos e pneumáticos. B5.2. Compoñentes.	- Realización de prácticas e exercicios	1ª avaliación
B5.3. Principios físicos de funcionamento.	- Realización de actividades	1ª avaliación
B5.4. Simboloxía.	- Realización de exercicios	1ª avaliación
B5.5. Uso de simuladores no deseño de circuitos básicos. B5.6. Aplicación en sistemas industriais.	- Realización de prácticas con operadores e simuladores	1ª avaliación
Bloque 6. Tecnoloxía e sociedade		
B6.1. O desenvolvemento tecnolóxico ao longo da historia.	- Realización de actividades	2ª avaliación
B6.2. Análise da evolución de obxectos técnicos e tecnolóxicos. Importancia da normalización nos produtos industriais.	- Realización de traballos na aula	2ª avaliación
B6.3. Aproveitamento de materias primas e recursos naturais.	- Actividades na aula	2ª avaliación
B6.4. Adquisición de hábitos que potencien o desenvolvemento sustentable.	- Actividades e discusión na aula	2ª avaliación

5. Instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe

2ºESO

Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos	
Estándar de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
EB1.1.1. Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	-Deseño en papel e con materiais do taller.
TEB1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.	-Elaboración da documentación técnica que debe acompañar o proxecto.
TEB 1.2.2. Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	-Construción dun obxecto tecnolóxico a partir da documentación técnica elaborada, este ano académico deberán facelo na súa casa, de ser o caso.
TEB 1.2.3. Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso.	-Observación directa diaria do alumnado na realización de proxectos e prácticas para realizar un seguimento da súa evolución como membro dun grupo e do grupo mesmo. Sempre que neste curso se poida traballar en grupo.
Bloque 2. Expresión e comunicación de ideas	
TEB2.1.1. Representa mediante vistas e perspectivas obxectos e sistemas técnicos, mediante esbozos e empregando criterios normalizados de cotación e escala.	-Interpretación e elaboración de esbozos e bosquejos.
TEB2.2.1. Interpreta esbozos e bosquejos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.	-Elaboración da documentación do proxecto técnico -Realización de esbozos e bosquejos a partir de obxectos e de ideas.
TEB2.3.1. Produce os documentos relacionados cun prototipo sinxelo empregando software específico de apoio.	- Emprego de software específico para a elaboración de documentos técnicos.
Bloque 3. Materiais de uso técnico	
TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico.	-Elaboración e exposición de traballos monográficos de investigación.
TEB3.1.2. Identifica tipos de materiais con que están fabricados obxectos técnicos cotiás.	-Elaboración e exposición de traballos monográficos de investigación. -Realización de prácticas
TEB3.2.1. Identifica e manipula con seguridade as ferramentas do taller en operacións básicas de conformación dos materiais de uso técnico.	- Realización de prácticas no taller para a elaboración práctica do proxecto técnico. Sempre que a normativa por coronavirus o permita.
TEB3.2.2. Elabora un plan de traballo no taller con especial atención ás normas de seguridade e saúde.	- Elaboración dos diferentes documentos do proxecto técnico.
Bloque 4. Máquinas e sistemas: electricidade, electrónica e control	
TEB4.1.1. Describe audiovisual ou dixital, as características propias que configuran os tipos de estruturas, apoiándose en información escrita.	-Realización de diferentes actividades encamiñadas a recoñecer os tipos de estruturas tanto naturais coma artificiais.
TEB4.1.2. Identifica os esforzos característicos e a súa transmisión nos elementos que configuran a estrutura.	- Identificación de esforzos en diferentes tipos de estruturas plantexadas en actividades propostas.
TEB4.2.1. Describe, mediante información escrita e gráfica, como transforman e transmiten o movemento distintos mecanismos.	-Realización de exercicios na aula.
TEB4.2.2. Calcula a relación de transmisión de elementos mecánicos como as poleas e as engranaxes.	-Realización de exercicios na aula.
TEB4.2.3. Explica a función dos elementos que configuran unha máquina ou un sistema desde o punto de vista estrutural e mecánico.	- Análise moi superficial do motor de combustión
TEB4.2.4. Simula mediante software específico e mediante simboloxía normalizada sistemas mecánicos.	- Realización de prácticas con software específica
TEB4.2.5. Deseña e monta sistemas mecánicos que cumpran unha función determinada.	- Posta en práctica dos coñecementos adquiridos na elaboración do proxecto técnico.
Bloque 5. Tecnoloxías da información e da comunicación	
TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador.	- Práctica de montaxe de ordenadores no taller
TEB5.2.1. Manexa programas e software básicos.	-Realización de prácticas con diferentes programas.
TEB5.2.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.	- Realización de diferentes prácticas con hardware y software específico
TEB5.2.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos con equipamentos informáticos.	- Utilización de software específico para a elaboración do proxecto técnico.
TEB5.3.1. Deseña e elabora aplicacións informáticas sinxelas mediante un contorno de programación gráfico.	- Realización de prácticas básicas de programación.

3º ESO

Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos	
Estándar de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
TEB1.1.1. Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	-Deseño dun prototipo que dea solución a un problema formulado.
TEB1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.	-Elaboración da documentación técnica que debe acompañar o proxecto.
TEB1.2.2. Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	-Construcción dun obxeto tecnolóxico a partir da documentación técnica elaborada.
TEB1.2.3. Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso.	-Observación directa diaria do alumnado na realización de proxectos e prácticas para realizar un seguimento da súa evolución como membro dun grupo e do grupo mesmo. Sempre que a normativa pola covid19 o permita
Bloque 2. Expresión e comunicación de ideas	
TEB2.1.1. Interpreta esbozos e bosquejos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.	-Interpretación de esbozos e bosquejos.
TEB2.2.1. Produce os documentos relacionados cun prototipo empregando software específico de apoio.	-Elaboración da documentación do proxecto técnico realizado en cada avaliación. -Realización de esbozos e bosquejos a partir de obxectos e de ideas. -Realización de prácticas de deseño gráfico por computador (CAD).
Bloque 3. Materiais de uso técnico	
TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico, comparando as súas propiedades.	-Elaboración de traballos monográficos de investigación. -Exposición de traballos monográficos de investigación.
TEB3.1.2. Explica as técnicas de identificación das propiedades mecánicas dos materiais de uso técnico.	-Elaboración de traballos monográficos de investigación. -Exposición de traballos monográficos de investigación. -Realización de prácticas
Bloque 4. Máquinas e sistemas: electricidade, electrónica e control	
TEB4.1.1. Explica os principais efectos da corrente eléctrica e a súa conversión.	-Realización de probas escritas. -Realización de mapas que representen a conversión de enerxía eléctrica noutras formas de enerxía.
TEB4.2.1. Utiliza os instrumentos de medida para coñecer as magnitudes eléctricas de circuitos básicos.	-Realización de prácticas de medida de magnitudes eléctricas empregando un polímetro, sempre que a situación pola covid19 o permita.
TEB4.2.2. Calcula as magnitudes eléctricas básicas en circuitos eléctricos sinxelos.	-Realización de probas escritas. -Realización de exercicios na aula.
TEB4.3.1. Deseña e monta circuitos eléctricos e electrónicos básicos empregando lámpadas, zumbadores, díodos LED, transistores, motores, baterías, conectores, condensadores e resistencias.	-Realización de prácticas de montaxe de circuitos sobre unha protoboard, sempre que a covid19 o permita. -Realización dun proxecto que incorpore circuitos eléctricos, sempre que a normativa pola covid o permita.
TEB4.3.2. Deseña circuitos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.	-Realización de prácticas empregando simuladores de circuitos eléctricos.
TEB4.4.1. Elabora un programa informático que xestione o funcionamento dun sistema de control.	-Realización de programas informáticos para o control de dispositivos. -Prácticas de control de dispositivos a través de equipos informáticos.
Bloque 5. Tecnoloxías da información e da comunicación	
TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador e é capaz de substituír e montar pezas clave.	-Realización de probas escritas. -Realización de prácticas na aula.
TEB5.2.1. Manexa espazos web, plataformas e outros sistemas de intercambio de información.	-Utilización ao longo de todo o curso das diferentes plataformas educativas que se empregan no centro para o intercambio de información co alumnado.
TEB5.2.2. Coñece as medidas de seguridade aplicables a cada situación de risco.	-Utilización ao longo de todo o curso das diferentes plataformas educativas que se empregan no centro para o intercambio de información co alumnado.
TEB5.3.1. Instala e manexa programas e software básicos.	-Instalación de programas. -Manexo de programas de diferentes tipos ao longo de todo o curso.
TEB5.3.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.	-Utilización do equipamento informático ao longo de todo o curso.
TEB5.3.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos con equipamentos informáticos.	-Realización de prácticas con ferramentas ofimáticas. -Presentación de traballos e proxectos técnicos empregando equipamentos informáticos.

4º ESO

Bloque 1. Tecnoloxías da información e da comunicación	
Estándar de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
TEB1.1.1. Describe os elementos e os sistemas fundamentais que se utilizan na comunicación con fíos e sen eles.	-Descrición dos distintos elementos dunha rede alámbrica e inalámbrica mediante actividades na aula.
TEB1.1.2. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	-Elaboración de actividades na aula
TEB1.2.1. Localiza, intercambia e publica información a través de internet empregando servizos de localización, comunicación intergrupar e xestores de transmisión de son, imaxe e datos.	- Realización de prácticas de ordenador
TEB1.2.2. Coñece as medidas de seguridade aplicables a cada situación de risco.	- Utilización con responsabilidade de internet.
TEB1.3.1. Desenvolve un programa informático sinxelo para resolver problemas, utilizando unha linguaxe de programación.	- Realización de programas mediante linguaxes de programación que cumplan un obxectivo.
TEB1.4.1. Utiliza o computador como ferramenta de adquisición e interpretación de datos, e como realimentación doutros procesos cos datos obtidos.	- Emprego do ordenador para a obtención, tratamento de datos.
Bloque 2. Instalacións en vivendas	
TEB2.1.1. Diferencia as instalacións típicas nunha vivenda.	- Actividades na aula
TEB2.1.2. Describe os elementos que compoñen as instalacións dunha vivenda.	- Realización de planos de instalacións de vivendas mediante programas de CAD, empregando simboloxía axeitada
TEB2.2.1. Interpreta e manexa simboloxía de instalacións eléctricas, calefacción, subministración de auga e saneamento, aire acondicionado e gas.	- Realización de planos e esquemas
TEB2.2.2. Deseña con axuda de software unha instalación para unha vivenda tipo con criterios de eficiencia enerxética.	- Emprego de software para a elaboración e deseño de instalacións.
TEB2.3.1. Realiza montaxes sinxelas e experimenta e analiza o seu funcionamento.	- Actividades na aula
TEB2.4.1. Propón medidas de redución do consumo enerxético dunha vivenda.	- Actividades na aula
Bloque 3. Electrónica	
TEB3.1.1. Describe o funcionamento dun circuíto electrónico formado por compoñentes elementais.	- Realización de actividades e exercicios
TEB3.1.2. Explica as características e as funcións de compoñentes básicos: resistor, condensador, díodo e transistor.	- Actividades na aula e exercicios
TEB3.2.1. Emprega simuladores para o deseño e a análise de circuitos analóxicos básicos, utilizando simboloxía axeitada.	- Actividades no ordenador con software de simulación
TEB3.3.1. Realiza a montaxe de circuitos electrónicos básicos deseñados previamente.	- Realización de prácticas
TEB3.4.1. Realiza operacións lóxicas empregando a álgebra de Boole.	- Actividades na aula
TEB3.4.2. Relaciona formulacións lóxicas con procesos técnicos.	- Actividades na aula
TEB3.5.1. Resolve mediante portas lóxicas problemas tecnolóxicos sinxelos.	- Realización de exercicios e prácticas
Bloque 4. Control e robótica	
TEB4.1.1. Describe os compoñentes dos sistemas automáticos.	- Realización de actividades na aula
TEB4.1.2. Analiza o funcionamento de automatismos en dispositivos técnicos habituais, diferenciando entre lazo aberto e pechado.	- Realización de exercicios e actividades na aula
TEB4.2.1. Representa e monta automatismos sinxelos.	- Realización de prácticas
TEB4.3.1. Desenvolve un programa para controlar un sistema	- Realización de un programa sinxelo para un automatismo

automático ou un robot que funcione de forma autónoma en función da realimentación que recibe do contorno.	
Bloque 5. Neumática e hidráulica	
TEB5.1.1. Describe as principais aplicacións das tecnoloxías hidráulica e pneumática.	- Realización de actividades e exercicios
TEB5.2.1. Identifica e describe as características e o funcionamento deste tipo de sistemas.	- Realización de actividades, exercicios e montaxe de circuitos na aula
TEB5.3.1. Emprega a simboloxía e a nomenclatura para representar circuitos que resolvan un problema tecnolóxico.	- Realización de exercicios e montaxe de circuitos
TEB5.4.1. Realiza montaxes de circuitos sinxelos pneumáticos ou hidráulicos con compoñentes reais ou mediante simulación.	- Prácticas na aula
Bloque 6. Tecnoloxía e sociedade	
TEB6.1.1. Identifica os cambios tecnolóxicos máis importantes que se produciron ao longo da historia da humanidade.	-Realización de probas escritas. -Realización de prácticas na aula.
TEB6.2.1. Analiza obxectos técnicos e a súa relación co contorno, interpretando a súa función histórica e a evolución tecnolóxica.	-Actividades na aula
TEB6.3.1. Elabora xuízos de valor fronte ao desenvolvemento tecnolóxico a partir da análise de obxectos, relacionado inventos e descubertas co contexto en que se desenvolven.	- Actividades na aula
TEB6.3.2. Interpreta as modificacións tecnolóxicas, económicas e sociais en cada período histórico, axudándose de documentación escrita e dixital.	- Actividades na aula

6. Metodoloxía

A actividade metodolóxica na materia de Tecnoloxía apoiarase nos seguintes aspectos:

- A adquisición dos coñecementos técnicos e científicos necesarios para a comprensión e para o desenvolvemento da actividade tecnolóxica.
- A aplicación dos coñecementos adquiridos aumenta o seu significado ó realiza-la análise dos obxectos tecnolóxicos existentes, así coma á súa posible manipulación e transformación.
- Desenvolver nos alumnos a posibilidade de se enfrontar a proxectos tecnolóxicos globais debe constituír o termo dun proceso de aprendizaxe que se apoia nos dous puntos precedentes.
- Transmitirle ó alumno a importancia social e cultural dos obxectos inventados polo home, e que modifican dalgunha forma as condicións de vida das distintas sociedades históricas.

Para conseguir este equilibrio, a proposta didáctica nas áreas de Tecnoloxías e Tecnoloxía debe basear o proceso de ensino-aprendizaxe nun soporte conceptual (principios científicos e técnicos) para que, posteriormente, o alumno desenvolva as accións de análise e proxecto.

O método de análise baséase no estudio de distintos aspectos dos obxectos e sistemas técnicos, para chegar dende o propio obxecto ou sistema a comprende-las necesidades que satisfán e os principios científicos nos que se basea o seu funcionamento.

O método de proxectos consiste en deseñar ou proxectar obxectos ou operadores tecnolóxicos partindo dun problema ou necesidade que se quere resolver, para pasar despois a construír o proxectado e avaliar ou verificar posteriormente a súa validez.

Todas estas consideracións metodolóxicas foron tidas en conta no libro de texto que se vai utilizar e, en consecuencia, na propia actividade educativa que hai que desenvolver:

- Tratamento dos contidos de forma que conduzan a unha aprendizaxe

comprensiva e significativa.

- Unha exposición clara, sinxela e razoada dos contidos, cunha linguaxe adaptada á do alumno.
- Estratexias de aprendizaxe que propicien a análise e comprensión do feito tecnolóxico.

Esta forma de traballar **na aula** permitiralle ó alumno unha aprendizaxe autónoma, base de aprendizaxes posteriores, imprescindibles nunha materia coma esta en permanente proceso de construción do coñecemento.

Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena.

No caso de que parte do alumnado dunha aula permanezca confinado debido á covid, a profesora de esta materia utilizará a aula virtual de materia como método de comunicación cos alumnos confinados. Nesta aula os alumnos recibirán o material e as propostas de traballo para poder continuar cos contidos da materia dende a súa casa.

Tamén, sempre que sexa posible, poderase conectar con eles vía videoclases ou clases grabadas, tal como se fixo no curso pasado, con bastantes bos resultados.

Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.

No caso de que se produza un confinamento xeralizado, como ocorreu no terceiro trimestre do curso pasado, nesta materia traballaremos do seguinte xeito:

Clases online mediante vía telemática seguindo un horario de grupo

Comunicación para material e tarefas a través da aula virtual da materia.

Sempre que sexa posible, se grabarán as videoclases, de xeito que cando un alumno por problemas de conectividade ou de falta de recursos, é dicir, de ordenador dispoñible, poida *a posteriori* ver a clase.

7. Procedementos de avaliación

A avaliación dos alumnos realizarase a partires de diferentes procedementos e empregando a súa vez distintos instrumentos. Terase en conta os seguintes aspectos para a avaliación:

- Exames. Haberá un exame por cada un dos bloques temáticos recollidos na programación. (Por norma xeral).

Despois de cada avaliación, farase un exame de recuperación dos bloques temáticos suspensos nesa avaliación. Se un alumno nunha avaliación, ten aprobado un bloque temático e noutro ten unha nota inferior a 3 deberá facer o exame de recuperación soamente co bloque temático suspenso

Non haberá examen final de xuño. A nota final da materia na convocatoria ordinaria, será a media das tres avaliacións, sempre e cando non teña unha nota inferior a 3 nunha das avaliacións, nese caso a nota na convocatoria extraordinaria será suspenso, e deberá recuperar a materia na convocatoria extraordinaria.

Ao examen extraordinario que por primeira vez se realizará no mes de xuño, os alumnos deberán recuperar as avaliacións suspensas cunha nota inferior a 3. Si a nota é igual o superior a 4,5 puntos, o alumno recuperará a materia.

- Traballos: neste apartado se valorará a presentación, os contidos e o cumprimento do formato do traballo. Sempre haberá unha data de entrega para cada traballo proposto, os traballos non se recollerán fora de esa data. En todas as avaliacións os alumnos deberán facer un traballo como mínimo que compute neste apartado.
- Caderno: no que se valorará a presentación, os contidos e a corrección dos exercicios. Será requerido ao alumno cando a profesora o estime necesario.
- Chamadas de clase: No que o alumno recibirá unha nota que computará na avaliación de cada bloque de contidos.
- Material: Se terá en conta si o alumno non trae o material obrigatorio ás clases. Entendese por material obrigatorio o libro, libreta e material

requerido en cada evaluación.

8. Criterios de cualificación

Explicados xa os procedementos e instrumentos, procederase a continuación a valorar cuantitativamente os diferentes instrumentos e a súa contribución á nota final.

As aportacións cuantitativas para a nota final da avaliación se repartirá nos seguintes tres apartados:

Exames: Constituirán o 80% da nota (un 50% en 4ºeso). Por norma xeral os alumnos farán un exame por cada unidade ou bloque temático. Nos exames irá indicada a puntuación de cada pregunta individualmente.

Despois de cada avaliación, farase un exame de recuperación dos bloques temáticos suspensos nesa avaliación. Se un alumno nunha avaliación, ten aprobado un bloque temático e noutro ten unha nota inferior a 3 deberá facer o exame de recuperación soamente co bloque temático suspenso

Non haberá examen final de xuño. A nota final da materia na convocatoria ordinaria, será a media das tres avaliacións, sempre e cando non teña unha nota inferior a 3 nunha das avaliacións, nese caso a nota na convocatoria extraordinaria será suspenso, e deberá recuperar a materia na convocatoria extraordinaria.

Ao examen extraordinario que por primeira vez se realizará no mes de xuño, os alumnos deberán recuperar as avaliacións suspensas cunha nota inferior a 3. Si a nota é igual o superior a 4,5 puntos, o alumno recuperará a materia.

Traballos: Normalmente serán un por avaliación e constituirán o 15% da nota, en 4º eso un 40%. (Se houberse varios traballos se fará a media de todos eles). Non se recollerán os traballos fóra de prazo. Os traballos non entregados ou fóra de prazo serán avaliados cun cero.

A nota dos traballos repartirase do seguinte xeito:

- **Presentación:** 10%
Limpeza e meticulosidade na presentación.
- **Formato:** 10%
Cumprimento das normas de entrega do traballo expostas pola profesora para cada traballo no tocante a título, subtítulo, portada, formato carácter...
- **Contidos:** 70%
Presenza de todos os puntos do traballo e que todos os puntos estean

desarrollados de xeito correcto e riguroso; que estean redactados polo alumno e non copiados de internet.

- **Exposición oral dos traballos:** Cando se faga unha exposición dos traballos presentados, a nota dividirase de xeito que os apartados anteriores contarán un 70% e a exposición en sí un 30%

Actitude: Contribuirá un 5% á nota da avaliación e poderá acadar valor negativo ata un máximo de -0,5 puntos, en 4º eso un 10%(-1 punto ata +1punto). Neste apartado se valorará a puntualidade ás clases, as chamadas de clase (inclúese aquí tamén os deberes feitos), que leven o material á clase, o cuaderno e o comportamento. Cada vez que un alumno non faga as tarefas ou non saiba as preguntas feitas na clase con contidos que deberon repasar na casa, recibirán unha calificación de -0,25 puntos que restará no apartado actitude, ata un máximo de -0,5 puntos.

Á hora de cualificar terase tamén en conta o seguinte: Non poñer as unidades no resultado dos exercicios resta un 25% do valor do mesmo.

Por cada falta ortográfica nos exames restarase 0,05 puntos.

Nos exames, nos exercicios de cálculo, cando non se producen erros no plantexamento, pero si na operación, restarase o 25% da puntuación do exercicio ou apartado.

9. Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial

O deseño da avaliación inicial está dirixido a detectar o alumnado que precisa da aplicación de medidas, tanto a nivel individual como a nivel colectivo. Realizarase unha proba escrita inicial ou oral para detectar as necesidades de cada alumno e grupo. Esta proba inicial estará sempre composta de preguntas concisas e concretas de contenidos básicos do ano anterior de xeito que permita repasar especialmente aqueles conceptos que non quedaron moi claros no curso anterior. En ningún recibirán unha cualificación por dita proba, so servirá de orientación cara ao profesor.

Do mesmo xeito procurarase ter contacto cos distintos titores ou profesores dos alumnos no curso anterior naquelas áreas relacionadas coa materia.

Do mesmo xeito ao comenzo de cada bloque de contidos tantearase aos alumnos o seu coñecemento previo do tema.

A finalidade desta proba será reforzar os contidos do curso pasado que no quedaron claros para os alumnos ou aqueles nos que a proba reflicte que non alcanzaron os mínimos.

10. Medidas de atención a diversidade

Unha vez detectadas as necesidades educativas específicas, estableceranse as medidas apropiadas:

- Aplicación dos protocolos correspondente ao diagnóstico do alumnado con neae.
- Atención individual intensiva na realización de prácticas
- Subministración de material de apoio na aula
- Ampliación de tempo na realización de probas
- Apoios en pequeno grupo
- Tutorías durante os recreos
- Realización de tarefas en grupo, sempre que a situación pola covid o permita.
- Adaptación curricular intensiva de ser o caso.

Estas medidas serán aplicadas no marco da metodoloxía descrita dentro desta programación. A aplicación dunha formulación de falsa clase do revés permite dispoñer de máis tempo para o alumnado que presenta maiores dificultades polo que favorece de forma manifesta a atención á diversidade.

Este ano elaboraranse algunhas ACIs para alumnado con dificultades para acadar os obxectivos mínimos da materia, tanto en segundo curso como en terceiro da eso.

11. Accións de educación en valores e de contribución ao plan de convivencia

Tratarase en todo momento de ter un clima de traballo que permita o desenvolvemento normal da actividade da clase.

En xeral, todos os anos hai un bo ambiente na clase, de respecto e ao mesmo tempo de confianza entre os alumnos e tamén á profesora.

Ao ser unha materia cun contido práctico de peso, o traballo en grupo e a colaboración entre o alumnado é moi importante.

De todos os xeitos aplicarase en todo momento o plan de convivencia aprobado no centro e seguiranse as directrices nel establecidas.

12. Accións de contribución ao Plan TIC do centro

Esta programación inclúe como contidos, obxectivos e criterios de avaliación en tódolos cursos a aplicación das TIC, de enorme importancia na área de Tecnoloxía. Polo tanto, o plan TIC do centro desenvólvese en tódolos cursos no traballo con Internet, na aprendizaxe do manexo dos distintos programas incluídos na programación de tódolos cursos: procesadores de textos, follas de cálculo, presentación de diapositivas, programas de CAD e máis programas de deseño gráfico en 3D. Además se traballará intensamente cos programas online e as aulas virtuais, potenciando nos alumnos o emprego da nube para a garda de documentos.

O alumnado desta materia disporá de abundantes contidos dixitais para completar o libro de texto. Este material o terán a súa disposición na aula virtual indicada pola profesora.

Prácticamente os traballos a realizar os realizarán de xeito dixital e os entregarán a través da aula virtual da materia.

Potenciarase en todo momento, o uso de ferramentas en liña para facer os traballos así como o sistema de almacenamento de datos na nube. Sempre que sexa posible traballarase con software libre.

13. Accións de contribución ao Proxecto Lector e Proxecto Lingüístico do centro

O proxecto lector integra todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e adquisición das competencias básicas, nel se articulan todas as intervencións que se van realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas.

As actividades previstas no proxecto para esta área son:

- Uso da biblioteca escolar como espazo de lectura e para a busca de información.
- Uso das TIC (tecnoloxías da información e comunicación) como ferramentas de busca de información e tratamento de textos e imaxes.
- Uso de diferentes tipos de texto (literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos) en soporte impreso ou electrónico para realizar tarefas de lectura e escritura.

En cada sesión adicarase un tempo o plan lector que irá integrado na propia dinámica da clase, xa que é parte da metodoloxía da área.

Libros recomendados de lectura para os alumnos da eso na asignatura de tecnoloxía no seu tempo de lecer:

- **Electrónica aplicada.** Autor: Antonio Hermosa
- **La guía manga de la electrónica.** ISBN: 9788493794248. Autor: Sazuhiro Fujitaki Matsuda.
- **Tubos.** Autor: Andrew Blume.
- **Neurociencia para Julia.** Autor: Xurxo Mariño.
- **Firmado: Nikola Tesla.** Autor: Miguel A. Delgado
- **Inventores y Patentes.** Autor: Jaime Aboites Díaz.
- **La tecnología.** Autor: Simon Rogers.
- **Yo y la energía.** Autor: Nikola Tesla
- **Visionarias. Inventoras desconocidas.** Autor: Mercedes Palacios

14. Plan de reforzo/recuperación

Este departamento ten programado o seguinte plan de traballo para alumnado coa materia suspensa de cursos anteriores:

Aos alumnos coa Tecnoloxía suspensa de cursos anteriores faráselles un **exame** oficial no mes de maio ou ben un traballo se a profesora o considera convinte. O exame basearase evidentemente nos mínimos exixibles.

Tamén recibirán a finais de outubro **actividades para traballar e repasar a materia** e que o profesor recollerá á volta das vacacións do nadal, nunha data prefixada. Non se recollerán os traballos fora de esta data. A entrega de ese traballo é obrigatoria. A non entrega de esas actividades suporá a non recuperación da materia pendente, independentemente da nota do exame.

Para superar a materia pendente os alumnos deberán ter unha nota igual ou superior a 4,5, asemade deberá ter todos os traballos entregados.

El departamento contempla unha serie de medidas para levar a cabo co alumnado repetidor no día a día na aula:

- Se fará un control moi exhaustivo sobre o seguimento da programación nestes alumnos, mediante chamadas de clase, control dos deberes, participación e actitude na clase.
- Contacto constante co titor e polo tanto cos pais cando a avaliación do exercicio anterior sexa negativa.

Este curso académico hai alumnado con tecnoloxía pendente de 2º e 3º ESO

15. Materiais didácticos incluídos o libros de texto

O libro de texto no que se traballará será denominado “Tecnoloxías I” e “Tecnoloxías II” da editorial Oxford Educación, ademais traballaremos con materiais de elaboración propia e/ou de libre uso que se atopen dispoñibles na rede. A profesora dispón dunha aula virtual Moodle onde os alumnos disporán de abundante material como complemento ao libro de texto e a través da cal accederán i entregarán as tarefas solicitadas. Dito material abrangue apuntes, esquemas, vídeos, cuestionarios, enlaces de interese, exercicios interactivos, etc...

16. Actividades complementarias e extraescolares

Neste ano académico e debido á actual situación orixinada pola covid19 aínda que xa se retoman as actividades extraescolares, non se sabe si é posible que se podan levar a cabo as actividades plantexadas outros anos. É de supoñer que non van poder realizarse coma outros anos, pero intentarase se as empresas e institucións o autorizan.

O departamento de Tecnoloxía intentará, dentro das súas posibilidades e en estreita colaboración co Departamento de Actividades Extraescolares e outros departamento afíns organizará saídas didácticas:

- **Obradoiro de Robótica:** si se organiza en datas favorables para o centro ou si é preto de Santiago.
- **Visita á planta depuradora e potabilizadora de Santiago:**
- Visita á mina de **RAMSA**
- Visita ao parque eólico de **Sotavento**.
- Visita a central termica de As Pontes.
- Visita as instalacións de Reganosa.
- Visita ao arsenal de Ferrol e sistemas electrónicos das súas fragatas.
- Visita á **fábrica de Santos** no concello de Boqueixón
- Incluirase tamén actividades que sexan de interés que xurdan no transcurso de curso.

17. Procedemento e sistemática de control, seguimento e avaliación do grao de consecución das competencias básicas e obxectivos de etapa por parte do alumnado.

2º ESO

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	INDICADORES DE LOGRO
<ul style="list-style-type: none"> • TEB1.1.1. Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos. 	-Deseño dun prototipo que dea solución a un problema formulado.	-Deseña un prototipo como solución a un problema tecnolóxico.
<ul style="list-style-type: none"> • TEB1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo. 	-Elaboración do documento técnico que dea solución a un problema formulado	-Elabora a documentación relativa a un proxecto técnico.
